

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 4 DE SETEMBRO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a catro de setembro de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as dez horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 28 de agosto de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- SOLICITUDE DE AXUDA Á VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Orde do 21 de xullo de 2023 da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a

concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se realiza a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2023 e 2024 (DOG núm. 148, do 04/08/23) e a conveniencia de solicitar dita axuda para o financiamento de obras de mellora do punto limpo de Rodeiro (novo peche perimetral e portalón, nova caseta de recepción e control, ampliación da área destinada aos contedores de reciclaxe, instalación de video e equipo de vixilancia, e adquisición de novos contedores para o almacenamento das distintas fraccións de residuos); así como tamén para a adquisición dun punto limpo móbil.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda as axudas económicas nas contías e para os investimentos que deseguido se sinalan:

LIÑA	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA
1	Actuacións de mellora do punto limpo de Rodeiro	79.235,50 €	58.935,49 €
3	Adquisición de punto limpo móbil	93.157,90 €	69.291,00 €

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Cuarto.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

3.- *CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, POR SUBSTITUCIÓN, DUN (1) POSTO DE TRABALLO DE LIMPADORA DAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS*

De conformidade coas bases e baremo aprobados por este órgano na sesión celebrada o pasado día 8 de agosto do corrente, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado (RS núm. 544, do 16/08/23). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello a seguinte relación de candidatos/as:

Limpador/a (oferta núm. XXXXXXXXXX)

- Alvarelos González, Natalia
- Bellaoui, Salah
- Castro Rey, Rosa
- Fernández Meijomil, Rocío
- García Presas, Ana María
- González Valdés, Norma Isabel
- López Jaimes, Laura Isabel
- Ludovico de Souza, Anete Aparecida
- Mohamed Lamin Mohamed Cori, Lala
- Moure Montoto, Pilar
- Pereira Cuñarro, Laura
- Pereira Cambeiro, María del Carmen
- Pérez Molina, José Mariano
- Robledo Gamboa, Ana Gregoria
- Rogel Sa, María Demetria
- Silva Calvo, Dunia
- Ulloa Diéguez, Laura

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no Baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación as seguintes candidatas:

- García Presas, Ana María (RE núm. 1403, do 23/08/23)
- Ulloa Diéguez, Laura (RE núm. 1414, do 24/08/23)
- Alvarellós González, Natalia (RE núm. 1415, do 24/08/23)
- Robledo Gamboa, Ana Gregoria (RE núm. 1419, do 24/08/23)
- Ferreiro Paz, Teresa (RE núm. 1423, do 25/08/23)
- Rogel Sa, María Demetria (RE núm. 1425, do 25/08/23)
- Ludovico de Souza, Anete Aparecida (RE-E núm. 489, do 27/08/23)
- Moure Montoto, Pilar (RE núm. 1427, do 28/08/23)

Por Resolución da Alcaldía de data 29 de agosto do corrente aprobouse a listaxe definitiva de candidatas admitidas e excluídas. Admítense todas as candidaturas presentadas, agás a rexistrada por Teresa Ferreiro Paz, por incumprir un dos requisitos establecidos nas Bases, segundo o detallado na dita resolución.

Procedeuse deseguido á valoración dos méritos das candidatas admitidas, co seguinte resultado:

Nº orde	Apelidos e nome	Criterios valoración										Puntuación total	
		8ªa				8ªb	8ªc						
		Cursos					AA.PP. PRIV.	Criterios sociais					
		<20h	<50h	<100h	100h ou +	SPEG		VX	CF				
<1	>1					Is			Im	In			
2	GARCÍA PRESAS, ANA MARÍA	-	-	-	-	5,20	-	-	-	-	-	-	5,20
1	ULLOA DIÉGUEZ, LAURA	-	-	0,25	-	6,20	0,25	-	-	-	0,45	-	6,95
7	ALVARELLOS GONZALEZ NATALIA	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0,00
6	ROBLEDO GAMBOA ANA GREGORIA	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0,00
4	ROGEL SA MARIA DEMETRIA	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0,00
5	LUDOVICO DE SOUZA ANETE APARECIDA	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0,00
3	MOURE MONTOTO PILAR	0,05	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0,05

Visto o actuado e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ratificar a exclusión da candidata Teresa Ferreiro Paz pola causa sinalada na Resolución da Alcaldía de data 29/08/23.

Segundo.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de substitución, polo período do proceso de selección para a cobertura definitiva da praza, da traballadora que deseguido se sinala:

Limpadora das dependencias municipais

NOME E APELIDOS	DNI
LAURA ULLOA DIÉGUEZ	██████████

Terceiro.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

4.- ESTABLECEMENTO DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA PROVER EVENTUAIS VACANTES NO POSTO DE TRABALLO DE LIMPADOR/A DAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS

De conformidade co establecido na Base décima do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, por substitución, dun posto de traballo de limpador/a das dependencias municipais, segundo a convocatoria e bases aprobadas por este órgano na sesión celebrada o día 8 de agosto de 2023, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Constituír a seguinte bolsa de emprego coas candidatas que se presentaron ao proceso de selección e non resultaron contratadas, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente debidas a baixas por incapacidade temporal, vacacións, ou vacantes. A bolsa está ordenada segundo a puntuación obtida no proceso selectivo e a orde de chamamento

das aspirantes inscritas na bolsa neste Concello será pola orde da que figure no primeiro lugar da seguinte lista:

1. García Presas, Ana María
2. Moure Montoto, Pilar
3. Rogel Sa, María Demetria
4. Ludovico de Souza, Anete Aparecida
5. Robledo Gamboa, Ana Gregoria
6. Alvarellos González, Natalia

Segundo.- A bolsa de emprego terá unha vixencia máxima de tres anos.

5.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado en data 01/09/23, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos pola concelleira-delegada de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital Dona Patricia Hermida Deza, con data 31/08/23, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na planificación e desenvolvemento do programa de conciliación “*Concilia en período lectivo 2023*”, entre os días 11 de setembro e 21 de decembro do corrente, ambos inclusive, á sociedade GEMAGAR GALICIA S.L., con CIF núm. ██████████, e con domicilio social en Lalín, ao prezo de OITO MIL SETECENTOS NOVENTA EUROS (8.790,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 231/226 do presuposto en vigor.

6.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- Asociación O Falar das Pedras

VISTAS as instancias presentadas por Dona Irma López Losada, na representación da ASOCIACIÓN O FALAR DAS PEDRAS, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro (RE-E núm. 496, do 30/08/23 e núm. 500, do 01/09/23), polas que solicitan a renovación das autorizacións concedidas no seu día para o uso de instalacións de titularidade municipal para desenvolver as actividades de “zumba” e “musicoterapia xerontolóxica”, concedidas por acordo deste órgano de data 21/10/22 e por resolución da Alcaldía de data 23/11/22, respectivamente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda renovar ata o día 31 de xullo de 2024 as seguintes autorizacións concedidas, manténdose integramente as condicións inicialmente establecidas:

ACTIVIDADE	INSTALACIÓN	DÍAS / HORARIO
Zumba	Pavillón polideportivo municipal	Martes, de 20:00 a 21:00 horas e xoves, de 20:30 a 21:30 horas
Musicoterapia xerontolóxica	Ximnasio municipal	Xoves de 16:00 a 17:00 horas

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 6.779,03 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de xullo de 2023, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 8.297,94 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de xullo de 2023, s/recibos.

- PLUS ULTRA SEGUROS GENERALES Y VIDA S.A.U. 473,25 €
Por seguro anual de vehículo municipal, s/factura núm. APSPLUS202300002343 (FACe).
- AUGAS DE GALICIA 1.000,00 €
Por abono de sanción en materia de vertidos no lugar da Feira, parroquia de Río, s/cargo.
- PLUS ULTRA SEGUROS GENERALES Y VIDA S.A.U. 527,23 €
Por seguro anual do vehículo da AVPC, s/factura núm. APSPLUS202300002354 (FACe).
- MANUEL CALVIÑO FERREIRO 139,67 €
Por traballos de reparación de vehículo municipal, s/factura núm. 24.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 414,42 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 66/23.
- EDICIÓN XERAI S DE GALICIA S.A. 454,97 €
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal, s/factura núm. 23IF000173 (FACe).
- ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA S.L.L. 800,00 €, 1.050,00 € E 2.400,00 €
Por representación dos espectáculos “A maxia do verán”, “Dende Arriba” e “Circo de Rúa” dentro do programa “Cultura no camiño 2023”, s/facturas núm. 2023/0168, 2023/0169 e 2023/0170 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas cincuenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde
(*sinatura dixital*)